



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE XUÑO DE 2019**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/321/2018.- ANTONIO LAMAS LAMAS.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a reestructuración e ampliación de vivenda na Rúa de Abaixo, 30C e remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

**LIC/46/2019.- MARTA BOUSO MONTERO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no LG Folgoso, 21B.

**LIC/402/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HÓRREO 33.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e conceder licenza para eliminación de barreiras arquitectónicas en edificio de vivendas situado na Rúa Hórreo,33.

**LIC/657/2019.- CONSELLERIA DE CULTURA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-** Conceder licenza para a rehabilitación integral CEIP RAIÑA FABIOLA situado na Rúa Entregaleras.

#### **SEGREGACIÓNS**

**LIC/1852/2018.- SABINO LISTE MANSILLA.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a segregación no LG Barral, 18.

**LIC/1521/2018.- URBANIZADORA LANDEIRA.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública, declarar a innecesariedade de licenza para segregar a parcela matriz e conceder licenza para a segregación no LG Marmancou, 1 da parcela de RC4685903NH3448F.

**LIC/289/2017.- MARTIN VAZQUEZ MUÑOZ.-** Aceptar a cesión de viario libre de cargas formalizada en escritura pública de data 05/07/2019 co número de protocolo 699.

**LIC/1037/2018.- ELIAS NEIRA RIAL.-** Rectificar o erro material consistente na constatación da superficie da parcela B segregada que non era a sinalada no proxecto licenciado para realizar a agrupación e segregación de parcelas na Rúa Camiño dos Vilaes.

#### **DESFAVORABLES.-**

**LIC/1379/2018.- ALESSANDO DE DONNO.-** Denegar a legalización da ampliación de vivenda no LG Rial de Laraño, 3.

**LIC/749/2018.- HORACIO GARCÍA IGLESIAS.-** Denegar a legalización de ampliación de vivenda situada no LG Ponte Sarela, 1.

**LIC/619/2019.- MARIA CONCEPCIÓN CASAL DEVESA Y HEREDEROS DE FRANCISCO MÚJICO RODRIGUEZ .-** Denegar a legalización de edificio de tres sotos, planta baixa, tres plantas e baixo cuberta para seis vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros, instalación de ascensor, obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas do edificio e proxecto de demolición parcial de edificación existente na Rúa García Prieto, 9-11.

### **1.- Constitución da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.**

Queda constituída a Xunta de Goberno local.

### **2.- Dar conta do decreto da alcaldía de data 19.xuño.2019, de periodicidade das sesións da Xunta de Goberno.**

Dáse conta.

### **3.- Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.**

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
prensa@santiagodecompostela.org

Apróbase a proposta.

**4.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representante municipal na Fundación Síndrome de Down.**

Apróbase o nomeamento da concelleira de Políticas Sociais, Mila Castro, para formar parte do Padroado da Fundación Síndrome de Down Compostela.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a reestructuración e ampliación de vivenda na Rúa de Abaixo, 30C e remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. LIC/321/2018.**

Apróbase a proposta.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no LG Folgoso, 21B. LIC/46/2019.**

Apróbase a proposta.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e concesión de licenza para eliminación de barreiras arquitectónicas en edificio de vivendas situado na Rúa Hórreo,33. LIC/402/2019.**

Apróbase a proposta.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a rehabilitación integral CEIP RAIÑA FABIOLA situado na Rúa Entregaleras. LIC/657/2019.**

Apróbase a proposta.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, e concesión de licenza para a segregación no LG Barral, 18. LIC/1852/2018.**

Apróbase a proposta.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, declaración da innecesariedade de licenza para segregación a parcela matriz, e concesión de licenza para a segregación no LG Marmancou,1 da parcela de RC4685903NH3448F. LIC/1521/2018.**

Apróbase a proposta.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario libre de cargas formalizada en escritura pública de data 05/07/2019 co número de protocolo 699. LIC/289/2017.**

Apróbase a proposta.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á rectificación do erro material consistente na constatación da superficie da parcela B segregada, que non era a sinalada no proxecto licenciado para realizar a agrupación e segregación de parcelas na Rúa Camiño dos Vilares. LIC/1037/2018.**

Apróbase a proposta.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á denegación da legalización da ampliación de vivenda no LG Rial de Laraño, 3. LIC/1379/2018.**

Apróbase a proposta.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á denegación da legalización de ampliación de vivenda situada no LG Ponte Sarela, 1. LIC/749/2018.**

Apróbase a proposta.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á denegación da legalización de edificio de tres sotos, planta baixa, tres plantas e baixo cuberta para seis vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros, instalación de ascensor, obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas do edificio e proxecto de demolición parcial de edificación existente na Rúa García Prieto, 9-11. LIC/619/2019.**

Apróbase a proposta.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Casco Histórico relativa á cesión das instalacións de subministración e distribución de enerxía eléctrica, executadas na urbanización do SUNP-20 Amanecida.**

Apróbase a proposta.

**17.- Proposta da concelleira delegado de Urbanismo, Vivenda e Casco Histórico relativa á aprobación inicial do Proxecto de Normalización de predios na R. da Estrada (tramo sen edificar situado entre os números 82 e 88).**

Apróbase a proposta.

**18.- Proposta da alcaldía, de data 3.6.19, relativa a recoñecemento extraxudicial de crédito.**

Apróbase a proposta.

**19.- Proposta da concellería delegada de Acción Cultural, de data 10.5.19, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación cultural ROCHA FORTE para 2019.**

Apróbase o convenio por importe de 3.000 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, de data 23.4.19, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación "Conservatorio de música tradicional e folque" para 2019.**

Apróbase o convenio por importe de 20.000 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, de data 9.5.19, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación Rosalía de Castro para 2019.**

Apróbase o convenio por importe de 4.000 euros.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, de data 26.3.19, relativa á concesión e recoñecemento de obrigas dos premios Entroido 2019.**

Aprobase a concesión e o recoñecemento das obrigas dos devanditos premios por un importe total de 15.800 euros.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, de data 6.5.19, relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación EUGENIO GRANELL para 2019.**

Apróbase o convenio por importe de 130.000 euros.

**24.- Dar conta polas concellerías de Igualdade e Políticas Sociais, segundo propostas de data 11.6.19, da sinatura de convenios entre o concello de Santiago e diversas entidades /asociacións de carácter social, para 2019.**

Dáse conta de varios convenios.

**25.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda, de data 3.6.19, relativa á devolución de fianza para responder do contrato do "servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes".**

Apróbase a devolución da fianza por importe de 6.436,77 euros e da taxa de formalización do contrato por importe de 267,75 euros.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á adxudicación do servizo para o desenvolvemento do xeoportal/IDE do Concello de Santiago.**

Adxudícase o servizo á empresa NEVINTEC SISTEMAS SL, por importe de 24.000 euros máis IVE.

**27.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "subministración de equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento".** Adxudícase o contrato á empresa DRAGER SAFETY HISPANIA SA por importe de 99.090,07 euros máis IVE.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do "servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)".**

Adxudícase o servizo á empresa ALCOMTE GALICIA por importe de 790.000 euros (395.000 euros en 2019 e 395.000 euros en 2020).

**29.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa ás obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015.**

Dáse un novo trámite de audiencia de dez días hábiles á empresa CONSTRUCCIONES TRABOADA RAMOS SL, dándolle traslado dos novos informes emitidos pola dirección de obra, en cumprimento do ditame do Consello Consultivo de Galicia de 22 de maio de 2019 de resposta á proposta de resolución do contrato acordado por esta Xunta de Goberno con data 22 de abril pasado.

**30.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa ás obras de reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015.**

Dáse un novo trámite de audiencia de dez días hábiles á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL, dándolle traslado dos novos informes emitidos pola dirección de obra, en cumprimento do ditame do Consello Consultivo de Galicia de 22 de maio de 2019 de resposta á proposta de resolución do contrato acordado por esta Xunta de Goberno con data 22 de abril pasado.

**31.- Proposta da concellería de Facenda, de data 5.6.19, relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Recadación.**

Acórdase a prórroga entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020 por importe de 946,24 euros/mes.

**32.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda, de data 3.6.19, relativa á devolución de fianza para responder do contrato do "servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos (24 e 31 de xullo) das festas do Apóstolo 2017 da cidade de Santiago de Compostela".**

Acórdase a devolución da fianza por importe de 8971,07 euros.

**33 a 79.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense as devanditas exencións fiscais.

**80.- Recoñecemento de obrigas.**

Apróbese a proposta.

**81.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.**

Apróbese a proposta.

URXENCIAS

**1.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación de prazos e procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello para o curso 2019-2020.**

Apróbanse os prazos de solicitude de reserva de praza e matrícula entre o 25 de xuño e o 22 de xullo de 2019 (ambos os dous incluídos) nos servizos de comedor e/ou madrugadores para o curso 2019/2020 nos seguintes centros: Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As

Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só no servizo de madrugadores. Unha vez que se produza a adxudación do servizo, a XGL acordará os prezos a pagar por cada usuario/a para o curso escolar 2019/2020.

**2.- Proposta da alcaldía, de data 10.06.19, relativa á resolución da convocatoria de concesión de cheques de consultaría para a adecuación de locais comerciais e asesoramento en comunicación comercial, ano 2019.**

Concédense 7 cheques para adecuación de locais, 10 para asesoramento en comunicación comercial e denéganse 9 solicitudes, ao abeiro das bases da convocatoria.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Comercio, de data 22.05.19, relativa á autorización da ocupación temporal do dominio público con pistas de patinaxe sobre xeo na alameda, no Nadal nas tempadas 2017/2018 e 2018/2019. Devolución de garantía definitiva.**

Procede a devolución da garantía por importe de 4.000 euros.

**4.- Proposta do concelheiro delegado de Centros Socioculturais reactiva á prórroga de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina, nº22, baixo, para uso sociocultural do casco histórico.**

Acórdase a prórroga por 6 meses (1 de xullo ao 31 de decembro de 2019) por importe de 953,82 euros/mes.

**5.- Aprobación do convenio entre o Concello e a USC para a exhibición do Legado Carlos Maside.**

Aprobase o convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a exhibición pública do Legado Carlos Maside no antigo comedor do Pazo de Fonseca. Autorízase un gasto por importe de 27.638,34 euros, que o Concello aboará á USC, en concepto de achega económica para sufragar os gastos de vixilancia e seguridade.